

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE OUTUBRO DE 2024 POLA QUE SE RESOLVE O CONCURSO DE INTERVENCIÓN ARTÍSTICA CAMPUS AUGA-2024

Por Resolución Reitoral do 3 de xullo de 2024 convocouse o Concurso de Intervención Artística Campus Auga.

Reunido o xurado establecido na cláusula terceira das bases do concurso e nomeado por R.R. do 2 de outubro de 2024, e vista a súa proposta, esta Reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar o Premio de Intervención Artística a María del Mar Ramón Soriano pola obra **“Dúas fontes, unha fonte”**.

Segundo.-Outorgar accésit ás seguintes propostas:

-María José Fernández Iglesias pola obra **“Un niño propio”**

- Erik Balbuena González e Marcos Fernández Cea pola obra conxunta **“Máis monte”**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación (R.R. 30/5/2024; D.O.G. 10/6)

O Vicerreitor do campus de Ourense
Francisco Javier Rodríguez Rajo

